

**Claudio Rodríguez Fer**

## **MEMORIA VITAL DA CABELEIRA MULTILINGÜE**

**Concepción do proxecto**

**Edicións políglotas**

**Recitais multiculturais**

**Ecos poético-vitais**

**Linguas ibéricas con paixón e emoción**

**Linguas románicas con beleza e delicadeza**

**Linguas clásicas por saber e por pracer**

**Linguas xermánicas dende o norte ás sagas**

**Linguas celtas para máis de mil anos**

**Linguas bálticas e urálicas con entusiasmo**

**Linguas eslavas en paz e liberdade**

**Albanés, turco, curdo e armenio en amizade**

**Linguas indo-iránias en arco iris**

**Linguas semitas das orixes aos exilios**

**Linguas de Extremo Oriente sen barreiras**

**Linguas austronesias sen antípodas**

**Linguas americanas para a solidariedade**

**Linguas africanas en irmandade**

**Linguas artificiais de fraternidade**

### **CONCEPCIÓN DO PROXECTO**

Escribín o poema “A cabeleira (Fragmentos)” en varios momentos do verán de 1984, concretamente durante unha estancia en Fisterra, unha viaxe a París e unha excursión ao Courel, dende logo motivado pola longa cabeleira de Carmen Blanco. Publicouse por primeira vez na revista *Grial*, editada en Vigo pola Editorial Galaxia no terceiro trimestre de 1985, e incluíuse en libro tamén por vez primeira no meu poemario *A boca violeta*, editado en Barcelona, na Colección Leliadoura, por Sotelo Blanco Edicións en 1987, pero axiña apareceu en numerosas revistas e antoloxías tanto en galego como en castelán. Máis tarde, foi inserido nas miñas compilacións poéticas *Vulva*, editada en Santiago de Compostela por Libros da Cebra en 1990, e *Amores e clamores (Poesía reunida 1973-2009)*, editada en Santiago de Compostela por Edicións do Castro en 2011, así como nunha boa parte das miñas antoloxías noutros idiomas (inglés, francés, bretón, ruso, grego, romanés).

A poeta Olga Novo, no seu libro *O lume vital de Claudio Rodríguez Fer*, explicou e explicoume o poema: “Na obra do lucense, a cabeleira de Carmen, así expresa en “Poética de Aracné”, é motivo recorrente como metáfora erótica e telúrica, como principio vital. Segundo nos di Erika Bornay no seu fermoso ensaio *La cabellera femenina*, ‘la cabellera opulenta de la mujer simboliza primordialmente la fuerza vital, primigenia (en Baudelaire asume un valor de río o mar) y la atracción sexual’. Fetiche sexual desde tempos inmemoriais, quizais pola súa identificación co pube, ten sido obxecto de gabanza das máis diversas artes, pero asociada á forza da muller independente e mesmo a unha forma de nudez cando se loce solta, deveu tabú moral e relixioso en moitos períodos da

historia. Pois ben, a cabeleira dos poemas de Claudio Rodríguez Fer como a do cadro de Léon Frédéric 'La nature ou la fécondité', continúa-se no bris, como símbolo telúrico, como labirinto de amor, como patria cósmica. Lembrando as verbas de Novalis veremos a cabeleira amorosa como exceso, os cabelos como modulacións da paixón (Sergio Lima). Pero a cabeleira é sobre todo cascada de remate cónico onde comeza o cu, é a chuvia de Zeus entrando na Dánae de Klimt. E así, símbolo tamén da independencia da muller, das crinas das bestas en estado salvaxe, é a reorientación vital polo erotismo, como podemos ver en 'A Cabeleira'".

Para Olga Novo, "A cabeleira" é unha "composición clave para a comprensión da conxunción política, ética e estética do autor", polo que a relaciona co "proceso da apertura e da extralimitación" e coa "disolución das fronteiras": "distribúese no espazo como a melena se prolonga no bris, como os poboados que a habitan inician andainas que non teñen final." Para min, toda a miña obra tería sentido tan só por ser lida unha vez na vida por unha soa persoa se se tratase da lectura realizada por Olga Novo desta que chama "composición sen fin coma o periplo do autor". Porque Olga Novo preludiou, con diáfana lucidez de poeta, todo o que viría despois: "A cabeleira' non é unicamente un texto polivalente e ricaz na súa potencialidade interpretativa senón que é, pola súa concepción ética e estética, pola súa construción estrutural, unha obra completamente aberta e 'en movemento'".

Mais o que converteu "A cabeleira (Fragmentos)" nun ensaio colectivo de poética intercultural, motivada pola relación literaria e polo contacto persoal, foi a súa fortuna multilingüística, sobre a que dende logo podería escribir un tratado filolóxico ou unha novela de vidas cruzadas.

A primeira tradución do poema foi a realizada ao inglés, como "The Tresses (Fragments)", pola profesora estadounidense Diana Conchado, compañeira de docencia en 1992 na Universidade da Cidade de Nova York, á que seguiría máis tarde a realizada á mesma lingua, mais como "The Lock (Fragments)", polo tradutor escocés Jonathan Dunne, daquela residente en Lugo. Ambos continuarían traducindo a miña poesía ao inglés para diversas antoloxías, ela ás veces en colaboración con Clifford Irizarry.

Agora ben, a primeira tradución ao inglés tanto da miña poesía como da miña narrativa foi feita pola galicianista estadounidense Kathleen N. March, catedrática da Universidade de Maine, que comezou a estudar e a traducir a miña obra sen coñecernos persoalmente xa nos anos oitenta, labor do que son mostra os volumes *Revolución rosaliana en Nova York / Rosalía's Revolution in New York* e *Tigres de ternura / Tender Tigers*. Mais tamén me traduciron ao inglés, por iniciativa propia, o poeta Julian Palley, profesor da Universidade de California en Irvine, a onde convidou a falar e a dar clase ao meu amigo José Ángel Valente, por quen o coñecín, e a súa íntima amiga alemá Ute Margaret Saine, poeta e profesora afincada no mesmo estado, con quen me encontrei nun congreso sobre viaxe celebrado en Rabat. E houbo así mesmo versións inglesas feitas por ingleses, como foi o caso do hispanista John Rutherford, catedrático da Universidade de Oxford que me traduciu sen eu sabelo, ou a

profesora Androula Sarah Panayi, lectora de inglés no Campus Universitario de Lugo.

A poeta Olga Novo, que fora alumna miña no Campus Universitario de Lugo en 1993, traduciu “A cabeleira” ao castelán como “La cabellera (Fragmentos)”, e a ensaísta María Lopo, a quen coñecín en 1995 como docente na Universidade da Alta Bretaña en Rennes, traduciu ao francés como “La chevelure (Fragments)”. Olga Novo proseguiu así as traducións ao castelán da miña poesía iniciadas polos escritores César Antonio Molina e Francisco López-Barxas e continuadas logo pola poeta e profesora Tera Blanco de Saracho, a quen coñecín como investigadora na Cátedra José Ángel Valente de Poesía e Estética.

Pola súa parte, María Lopo proseguiu o labor de tradución ao francés iniciado polo galicianista galo Claude Henri Poullain, catedrático da Universidade Sophia Antipolis de Niza, a quen coñecín polos seus estudos rosalianos, e proseguido por ela mesma en colaboración con catro francesas: a profesora normanda Annick Boilève-Guerlet, da Universidade de Santiago de Compostela; da hispanista anxevena Michèle Lefort, establecida en Rennes; da memorialista bretoa Claudine Allende Santa Cruz, filla de exiliado republicano afincada en Le Vieux Marché, e da mestra parisiense de crianza lorenese Marianne Equy, asentada en Galicia. Mais houbo outras traducións espontáneas, por exemplo da hispanista Françoise Dubosquet, catedrática da Universidade da Alta Bretaña, ou do ensinante Pierre Joubin, presidente do Comité Bretaña-Galicia.

### EDICIÓNS POLÍGLOTAS

A primeira edición políglota de “A cabeleira” tivo lugar no número 1 de *A tola soñando*, editada en 1995 en Santiago de Compostela, onde apareceu versión castelá de Olga Novo, francesa de María Lopo e inglesa de Diana Conchado, tres persoas coas que viña colaborando dende que as coñecín e coas que, xunto a Carmen Blanco, fundei en 1996 *Unión Libre. Cadernos de vida e culturas*, revista ilustrada dende o primeiro número pola artista lucense Sara Lamas, tamén debuxante daquela primeira “cabeleira” xa convertida en sinfonía multilingüe.

Despois, o poema “A cabeleira” foi traducido ao ruso, como “Волосы (фрагмент)”, polo filólogo Serguey Stépanov, a quen por certo nunca coñecín e con quen nunca tiveron contacto. Publicouse xunto a outras composicións miñas así mesmo traducidas no libro titulado *No limiar do novo milenio. Antoloxía da literatura galega*, editado en 1999 a cargo de Elena Zernova no seo do Centro de Estudos Galegos que esta galicianista dirixía na Universidade de San Petersburgo.

María Lopo preparou a edición da súa tradución ao bretón, titulada “Ar blevad (Arroudennoù)”, feita por ela mesma e polos escritores bretonantes, e profesores de linguas celtas da Universidade da Alta Bretaña en Rennes, Herve ar Bihan, Alan Botrel e Gwendal Denez, na antoloxía da miña poesía de temática céltica *Muioc'h kalz eget mil bloaz / Moito máis que mil anos*,

publicada en Lesneven pola editorial SKRID no ano 2000. No mesmo ano, tiven o pracer de presentar a obra cos catro tradutores nun inesquecible recital bilingüe na Facultade de Letras da citada universidade bretoa.

Xa no século XXI, proliferaron as versións ás máis diversas linguas, o que me decidiu a editar *A cabeleira (Poema en 35 idiomas)*, en 2015, e, tras presentarse en diversos recitais multilingües en Galicia e Nova York que provocaron que se incrementasen aínda máis as versións, *A cabeleira (Poema en 60 idiomas)*, en 2016, como reedicións ampliadas do número 1 de *A tola soñando*.

En cuberta, figurou, a primeira en fucsia e azul e a segunda en verde e negro, unha ilustración na cara anterior representando unha cabeleira cósmica e na cara posterior un caligrama de versos como cabelos, ambas pezas da autoría de Carmen Blanco. No interior destas dúas edicións figuraron os debuxos que Sara Lamas aportara á tetralingüe inicial. Entre outros recoñecementos recibidos por estas edicións, é significativo o da políglota Lily Litvak, catedrática da Universidade de Texas sempre atenta á dimensión estética, que nos felicitou vivamente dende alí pola concepción integral que procuramos: “Qué maravilla Claudio!!! Es una belleza!!!!!!! El poema es excelente y ya he leído unas cuantas traducciones, muy buenas todas. La portada, como siempre, un gran acierto”.

A primeira recensión da edición das cabeleiras multilingües foi a do profesor e crítico literario Armando Requeixo no suplemento “Nordesía” editado por varios diarios galegos e nela salientou “a aceptación e alto interese suscitada pola composición”, traducida “a linguas de todos os continentes habitados” (31-5-2015). Pola súa parte, o catedrático e polígrafo Xesús Alonso Montero celebrou en *La Voz de Galicia* a publicación políglota, sinalando os diversos idiomas aos que se traducía un texto galego por primeira vez: “É tal a proxección internacional de Claudio Rodríguez Fer (nos ámbitos filolóxicos universitarios) que a presenza da lingua galega en certas áreas lingüísticas chega a elas da súa man” (26-6-2015). Así mesmo, o crítico e catedrático de Filosofía Francisco Martínez Bouzas, no seu blog *Brújulas y espirales*, puxo de manifesto o eloxio da diversidade implícito na colectánea: “*A Cabeleira* de Claudio Rodríguez Fer y su perspectiva multilingüe es ciertamente un homenaje a la poesía y al multilingüismo. Un poema a favor de Babel” (23-7-2017). Mais foron infinidade os recoñecementos de prensa e correo producidos.

Os novos recitais multilingües en Galicia e París volveron incrementar o número de versións, polo que o novelista e profesor Santiago Lopo, *webmaster* de *Unión Libre*, tivo a idea de crear unha páxina *web* aberta que incluíse todas as traducións, así como os audios e os vídeos da lectura das mesmas, pois axiña sobrepasaron os sesenta idiomas. Tal *web* presentouse como número 21 de *Unión Libre. Cadernos de vida e culturas* en 2016 e dende entón foise ampliando coas novas traducións e gravacións realizadas en sucesivos recitais colectivos ou individualmente nos propios países dos tradutores, ata compoñer un mosaico universal tan integrador como emocionante, aínda que tamén didáctica e filoloxicamente útil. De feito, así me salientou isto último o doutor

Miguel González Pereira, profesor de Lingüística Xeral da Universidade de Santiago de Compostela: “O libro que me regalaches é unha marabilla, pero esta web, ademais da fermosura dos textos, ten un enorme valor e gran utilidade como ferramenta para ilustrar nas aulas a tradución da poesía. O crecente número de traducións de ‘A cabeleira’ non só acredita as túas moitas amizades polo mundo adiante (que non é pouca cousa, máis ben o contrario) senón tamén que o multilingüismo pode ser moito máis que un concepto sobado polas nosas autoridades e que a beleza non ten patria nin fronteiras.”

## RECITAIS MULTICULTURAI

O primeiro recital multilingüe, no que interviñemos oito voces noutros tantos idiomas, tivo lugar na Librería Gato Neghro de Lugo o 12-6-2015, sendo presentado pola narradora Pepa Barrios, profesora de Literatura Galega, e introducido polo ensaísta Manuel Fernández Rodríguez, profesor e doutor en Filoloxía Hispánica. Dado que despois do recital políglota tivo lugar outro retrospectivo meu en galego, este foi a única lectura colectiva do poema na que non lin eu a súa versión orixinal en galego, que en Lugo foi recitada pola poeta Cristina Fiaño, deseñadora gráfica e entón directora da revista do estudantado universitario *Evohé*. Por certo, entre outras moitas persoas, como o poeta Miguel Ángel Curiel, nacido en Alemaña, ou o sociólogo Max-Jean Zins, nacido en Francia, nel compareceron a filóloga Manuela Aira, colaboradora necesaria na tradución ao ioruba, e, por sorpresa a actriz lucense Melania Cruz, quen representara en teatro un texto meu e a quen tería convidado a participar dalgún xeito de coñecer de antemán a súa asistencia. Así mesmo, foi facer fotos Marcos Franco, encargado dos medios audiovisuais na Facultade de Humanidades de Lugo.

Tras este recital tivo lugar o realizado na Fundación Eugenio Granell de Santiago de Compostela o 6-10-2015, no que recitamos quince persoas en dezaseis linguas, despois de que Carmen Blanco e máis eu lésemos a dúas voces o meu poema “Varsoviana (Ás barricadas)”, dedicado ao multiartista Eugenio Fernández Granell. Entre as numerosas persoas que asistiron ao acto, auténtica manifestación intercultural, figuraron o Director Xeral de Política Lingüística de Galicia, Valentín García Gómez; a subdirectora da Área de Cultura da USC, Mercedes Rosón, e numerosos profesionais da Filoloxía, como o catedrático de Literatura Francesa Antón Figueroa; as helenistas Teresa Amado, Amelia Pereiro e Susana Losada; as italianistas Cristina Marchisio e María Montes, ou a lectora parisiense Océane Luguern. Así mesmo, asistiu unha nutrida representación das comunidades orientais en Santiago de Compostela, ademais de membros da Asociación Galega de Esperanto e diversos representantes das letras e das artes, como os poetas Lupe Bao e Xoán Xosé Fernández Abella, o fotógrafo Xoán Crespo e o artista Edu Valiña, conservador da Fundación Granell, cuxo persoal tamén compareceu en pleno.

Seguidamente a ensaísta e doutora en Filoloxía Hispánica Diana Conchado organizou e presentou o recital celebrado o 30-10-2015 no Hunter College da Universidade da Cidade de Nova York, contando con vinte e seis rapsodos para outras tantas linguas. A este masivo e multicultural acto no

Leona and Marcy Chanin Language Lab Center dirixido por Clifford Irizarry, ex-alumno de Diana Conchado, acudiron como público persoas moi queridas para min e moi representativas da relación entre Nova York e Galicia, como o profesor Dino Pacio, histórico activista da emigración galega, ou a directora da Fundación Granell en Santiago de Compostela Natalia Fernández Segarra, filla no exilio dos artistas Eugenio Fernández Granell e Amparo Segarra. A cineasta Celia Novis, documentalista da Spanish Benevolent Society (histórica sociedade coñecida como La Nacional) en Nova York, escribiume sobre o poema: “No solo es bonito sino que forma parte de un concepto multicultural muy bello. Así que mucha suerte para moverlo por el mundo.”

Ao ano seguinte, o 30-11-2016, a estudante Belén Quinteiro, promotora da revista *Cicloxénese Expresiva*, organizou e presentou en nome desta iniciativa o recital feito na Facultade de Filosofía da Universidade de Santiago de Compostela, programando a intervención de vinte e oito lectores en trinta linguas. Tras a saudación da vicedecana do citado centro, a profesora Nieves Herrero, doutora en Antropoloxía, e a intervención da escritora Carmen Blanco, musa do poema e autora das ilustracións das súas edicións en 35 e en 60 idiomas, tivo lugar o acto máis multicultural e multilingüístico ao que recordo ter asistido en Galicia. O evento inspiroulle ao escritor Xosé Carlos Carracedo Porto, pertencente ao grupo organizador, o poema “O peiteado da cabeleira”, no que moi atinadamente falou de “Big Bang lingüístico”. O público asistente foi moi similar ao do recital compostelán anterior, aínda que co engadido doutros filólogos, como por exemplo o hispanista Emilio Montero Cartelle ou a anglicista Laura Lojo.

Na anualidade seguinte, o 27-3-2017, a hispanista e catedrática Claudie Terrasson organizou e presentou no auditorio do edificio Copérnico, situado na Cidade Descartes da Universidade de París Este Marne-La Vallée, un recital de catorce linguas a dezaseis voces cunha concorrencia masiva. Entre as persoas que tiveron o pracer de reencontrar entre o público, estiveron, á parte do profesorado e do estudantado da institución anfitrioa, a tradutora lusitanista Cécile Le Bourdon, que me presentara Manuela Aira en Lugo; a estudante Océane Luguern, que fora lectora de francés nas clases de María Lopo en Santiago de Compostela, e a lectora de galego na Sorbonne Nouvelle, Ánxela Lema, con quen coincidira nunha homenaxe a Kathleen N. March no Consello da Cultura Galega e quen ademais me entrevistou no acto para un vídeo. Lembro así mesmo as interesantes e solidarias preguntas no coloquio das profesoras hispanistas Christine Delfour, de Historia, e Claire Laguan, de Literatura.

No mesmo ano, o 25-10-2017, o hispanista e profesor Iván López Cabello organizou en Brest, na Facultade Victor Segalen da Universidade de Bretaña Occidental, co concurso dos estudantes Elena Kerrain, Cristelle Le Bris, Anne Le Coz, Clément Toullec e Gauthier Zeroual, a lectura nunha ducia de linguas noutras tantas voces, nun acto así mesmo masivo no que tamén realizamos un recital bilingüe da miña poesía María Lopo e máis eu. Ademais do estudantado e do profesorado da institución organizadora, no que cómpre salientar á poeta galega Fátima Rodríguez e á filóloga bretoa Sophie Gondolle, emocionoume a presenza dos membros da asociación Memoria do Exilio dos

Republicanos Españois no Finistère bretón (MERE 29), da que son presidente de honra, entre os que se encontraban fillos de exiliados como Jean Sala Pala, Claudine Allende Santa Cruz ou Monique Escobar, así como o solidario memorialista Hugues Vigouroux.

Na seguinte anualidade, o 7-2-2018, a profesora Claudie Terrasson volveu organizar e presentar, nesta ocasión na aula do edificio Copérnico da Universidade de París Este Marne-La Vallée onde eu daba clase como profesor visitante, un recital políglota coa colaboración dela e do alumnado asistente. E, ao mes seguinte, o 28-3-2018, a mesma Claudie Terrasson organizou e presentou, esta vez no auditorio da Biblioteca Georges Perec da mesma Universidade de París Este Marne-La Vallée, outra sesión multilingüe contando co seu tan diverso alumnado, que mesmo recitou tres versións inéditas do poema a outras tantas linguas exóticas en Europa. Nesta última ocasión interviñeron tamén a escritora galega Carmen Blanco, recitando poesía, e o multiartista arxentino Miguel Almirón, alí docente, quen presentou o videopoema que realizou en París sobre a miña composición “Pai meu (Amén, camarada)”.

### **ECOS POÉTICO-VITAIS**

Dende o principio, a historia das conexións e das gravacións que provocaron a sinfonía terráquea desta cabeleira multilingüe foi tamén a da miña vida persoal, profesional e literaria, en realidade indisociables, mais tamén creo que o feito de que tal composición fose traducida de inmediato a numerosas linguas tivo que ver tanto co seu carácter antropolóxico e historicamente presentativo das orixes do autor e da súa cultura galaica, como coa súa apertura nómade, erótica e libertaria, na que o local pode converterse en universal e viceversa. Así mo fixeron sentir os seus tan diversos tradutores e lectores dos cinco continentes da Terra, ademais das moitas persoas caracterizadas pola apertura ideolóxica que me manifestaron por Internet os seus parabéns, como por exemplo tan entusiasta e reiteradamente a hispanista Lily Litvak, o memorialista Manuel Cuesta, a profesora Maite Varela, o sindicalista Pepe Rodríguez, a doutora en Dereito Celia Pereira Porto ou os poetas Karlotty, Verónica Martínez, Saturnino Valladares, Héctor Acebo e Antonino Rodríguez Nieto, quen manifestou a súa xenerosa opinión cun contundente estilo telegráfico: “Bellísimo, inmenso, grandísimo poema.”

A poeta Luz Pozo Garza interpretou o proxecto de “A cabeleira” multilingüe en amorosa clave cósmica dirixíndose sucesivamente a min e a Carmen Blanco: “Caro Claudio: Fermosísimo poema universal e íntimo á cabeleira amada que todo o mundo admira. Linguas nosas, remotas linguas de imaxe insólita, apaixonantes, míticas, descoñecidas, máxicas como Runas gloriosas que se cifran nun RITO e chegan do universo no amor da Vía Láctea. Carmen querida: Cada cabelo un verso. Cada verso unha flor. E cada día o AMOR... Bicos-mil-luz”. E segundo ía tendo noticia dos recitais multilingües polo orbe seguiu cantando “sempre en crescendo da Cabeleira infinita que percorre o mundo da poesía: A Cabeleira dunha harpa que vibra na lúdica chuvia do limbo da Luz... A Cabeleira que se acende en negro para os solitarios místicos do outono... A Cabeleira que humedece o orballo dos que

aman e xemen pois saben e agardan que han ser consolados... A Cabeleira dos fíos da Rosa da Noite divina da Estrela Polar... Bicos-mil-Luz". E o latín, unha das súas linguas máis amadas dende a infancia, tampouco non faltou nas súas sentencias amatorias: "CARMIÑA SIBILA ET CLAUDIUS POETA - UTRIQUE FELICES IN AMORE PLENO".

Ademais, dos recitais multilingües quedou constancia en numerosas fotografías e gravacións audiovisuais. De feito, a polifacética Cristina Fiaño gravou en vídeo o recital de Lugo e os dous de Santiago de Compostela, de maneira compartida co fotógrafo Xoán Crespo no caso do celebrado na Fundación Granell. Sempre estimulando e reclamando con paixón a acción poética, Cristina Fiaño foi dende logo unha das máis entusiastas animadoras deste experimento multilingüe, como proban as súas propias palabras: "Non sabes cantísimo me gustou 'A Cabeleira', Claudio. Noraboa por esta nova edición porque é un proxecto fermosísimísimo! Encantoume tamén a introdución e o epílogo. Grazas por compartir tamén isto comigo". Nos recitais de Nova York, París Este e Brest ocupáronse do rexistro as propias institucións anfitriñas.

Polo demais, en sintonía con "A cabeleira", o escultor lorenés Yves Humblot, colaborador do poeta bretón Guillevic, a quen coñecín na súa terra pola galicista María Lopo, realizou unha escultura en pedra, que colocou no xardín escultórico chamado Domaine Guillevic. Ante ela realizouse unha performance con dimensión gráfica sobre corpo, da cal Humblot me enviou unha imaxe. Pola súa parte, a miña alumna portuguesa Estrela da Silva, estudante na Universidade de París Este, debuxou como cabeleira da lúa a cantada no poema, pola que navega metaforicamente un barco, como ocorre na fotomontaxe surrealista do estudo publicitario para a marca Pétrole Hahn de Dora Maar. No mundo dixital, foron varias as persoas que espontaneamente realizaron presentacións de "A cabeleira", como Santiago Argüeso Galván, entón estudante do Instituto Ánxel Fole de Lugo, que fixo dúas con deseños diferentes, recitando el mesmo.

## LINGUAS IBÉRICAS CON PAIXÓN E EMOCIÓN

As traducións románicas e ibéricas foron feitas e recitadas por persoas próximas a min que se ofreceron a facelo, todas tan entusiastas co proxecto como a poeta Olga Novo, que escribiu: "Que fermosísima Babelia fermosa, fermosa, fermosísima. Vou quedar a vivir nela." En consecuencia, ela mesma leu en Lugo, no primeiro recital multilingüe do proxecto, a súa citada tradución ao **castelán**, "La cabellera (Fragmentos)", que presentou emocionándose: "Aquí escribín un pequeno poema que quería ser unha especie de epitafio co que rematar a vida, que dicía: 'Esta será na morte / a miña última palabra: / Quen me dera ser gata / para vivirte sete veces'. Pois eu hoxe veño a ler o poema de Claudio e podería dicirlle que esta será na vida e na morte a miña última palabra: 'Quen me dera ser gata / para lerte sete veces'."

Posteriormente, a súa ex-alumna e discípula poética e vital Cristina Fiaño leuna nos dous primeiros recitais en Santiago de Compostela. En Nova York foi lida polo estudante inmigrante español Antonio Fernández Borrego, en



Brest pola estudante bretoa Cristelle Le Bris e en París Este, por tres alumnas inmigrantes: primeiro compartidamente por Marcela Contreras Castaneda, mexicana, e Cindy Ríos Chuquino, colombiana, e finalmente pola venezolana Stephany Expósito, mentres que no intermedio foi recitada pola hispanista provenzal Claudie Terrasson.

A versión **portuguesa**, “A cabeleira (Fragmentos)”, foi realizada en Baía pola profesora brasileira Claudia Murici, quen estudou e morou varios dos anos dous mil en Galicia, onde fixo cursos de aprendizaxe do galego en Santiago de Compostela e de doutoramento na Universidade de Vigo, cidade esta na que nos reencontramos tras coñecernos en Lugo. Ela mesma a gravou en audio para a web o que coa súa expresividade habitual considerou “lindo lindo e veramente lindo poema”, engadindo: “eu recitaria a tua cabeleira mil veces, aínda que me faltase a voz.” Posteriormente, traduciu así mesmo ao portugués a miña composición “Pai meu (Amén, camarada)”.

A “cabeleira” traducida por Claudia Murici foi sucesivamente lida en Santiago de Compostela polos brasileiros Vivian Torres de Mello Rangel, licenciada en Literatura Brasileira pola Universidade do Estado do Rio de Janeiro que foi lectora de portugués na Universidade de Santiago de Compostela, e por Felipe Eleutério, estudante da Facultade de Filosofía. En Nova York, foi lido pola lusófila estudante libanesa Melissa Hazim. En París Este, foi lido na primeira ocasión polos alumnos portugueses Bruno Antunes e Sophie Felgueiras en portugués de Portugal e pola alumna brasileira Marina de Andrade Santos Monteiro en portugués de Brasil, mais despois así mesmo pola tamén alumna e debuxante de orixe portuguesa Estrela da Silva. Mais a miña poesía foi especialmente lida e estudada en portugués na cidade brasileira de Manaus, onde foi traducida e editada a miña obra *Unha tempada no paraíso / Una temporada no paraíso* polo poeta Saturnino Valladares, profesor da Universidade Federal do Amazonas.

A versión en **asturleonés**, “La callezna (Fragmentos)”, foi elaborada na súa terra polo poeta asturiano Xuan Bello, escritor a quen coñecín nos anos oitenta nun encontro poético en Asturias, onde precisamente lin o texto. Foi recitada en Santiago de Compostela polo enfermeiro e fotógrafo asturiano David Redruello, en Nova York pola psicóloga asturiana Patricia Fernández (ex-alumna de Diana Conchado no Hunter College) e en Brest polo estudante bretón Michael Duvan. En París Este foi recitado con emoción non exenta de contaxiosas bágoas fraternais pola profesora Marie-Blanche Requejo Carrió, hispanista filla dun republicano asturiano que pasou tres lustros nos cárceres franquistas ata exiliarse en Francia. Con ela coincidín en diversas actividades nas Universidades de París Este e de Santiago de Compostela, así como nun tamén emotivo acto memorialista no Vello Cárcere de Lugo, pois nel falou da memoria e escritura carceraria de Manuel de la Escalera, preso de Franco como o seu pai, cuxa testemuñal obra traduciu ao francés.

A versión en **catalán**, “La cabellera (Fragments)”, foi feita no seu país pola poeta catalá Marta Pessarrodona, moi amiga da miña compañeira Carmen Blanco dende os anos setenta, cando a coñecemos con motivo da nosa compartida paixón por Virginia Woolf, en quen aquela é especialista. Na capital

de Galicia foi dita dúas veces pola solidaria doutora María Mercè López Casas, profesora de Lingua e Literatura Catalás na Universidade de Santiago de Compostela, quen tamén me sorprende unha fin de ano agasallándome coa versión catalá do meu poema “Pai meu (Amén, camarada)”. Por certo, ademais dos dous textos citados, na antoloxía bilingüe da miña poesía *Beleza ou barbarie / Belleza o barbàrie* figuran tamén traducións do profesor provenzal, especializado na historia de Cataluña, Mathias Ledroit, colega meu na Universidade de París Este, así como da nativa lectora de catalán na Universidade de Santiago de Compostela Dolors Perarnau, doutora en Filosofía e investigadora na Cátedra Valente. En Nova York, leu a versión catalá de “A cabeleira” o profesor galego vinculado a Cataluña Pablo García Martínez, mentres que en París Este e en Brest a leron senllas alumnas de orixe catalá, respectivamente, Ana Seguí e Tania Sastre Sendra.

A tradución ao **éuscaro**, “Adatsa (Zatiak)”, foi iniciada en Donosti pola profesora vasca Ane Marcellán Arantzamendi, a quen coñecín nos anos oitenta nuns cursos internacionais da Universidade de Salamanca, onde ela estaba matriculada nos de arte e eu nos de literatura. Para executar a versión contou coa colaboración do seu colega Antton Juaristi, irmán do poeta Felipe Juaristi, a quen eu coñecera tamén nos anos oitenta nun encontro internacional sobre literatura en linguas minoritarias organizado pola Universidade do País de Gales. Finalmente, contribuíu á versión definitiva a escritora euscaldún Yurre Ugarte, con quen me puxo en contacto a actriz e monicrequeira vasca Larraitz Urruzola, residente en Santiago de Compostela, onde leu dita tradución no recital correspondente. En Nova York foi lida polo profesor vasco Gus Jiménez, alí docente universitario. Posteriormente, a profesora e escritora vascofrancesa Aurelia Arcotxa, coa que entrei en contacto por mediación do noso común amigo bretón Gwendal Denez, traduciu ao éuscaro o meu poema “Pai meu (Amén, camarada)”, en colaboración co filólogo Joseba Lakarra, catedrático da Universidade do País Vasco en Vitoria-Gasteiz.

## LINGUAS ROMÁNICAS CON BELEZA E DELICADEZA

A xa citada versión **francesa**, “La chevelure (Fragments)”, feita en Bretaña por María Lopo nos anos noventa, foi lida por ela mesma para a web e nos recitais multilingües de Lugo, Santiago de Compostela e Brest, á parte de noutros bilingües que tamén realizamos conxuntamente en París, Rennes e Saint-Malo, pois a súa tradución foi incluída tamén na miña antoloxía bilingüe *Les amours profonds*, editada e introducida por ela mesma e presentada nas tres cidades citadas. En Nova York recitoua o estudante francés Florimond Le Goupil-Meier e, en París Este, o profesor quebequés Martin Laliberté, compositor informático e electroacústico que tamén realizou unha interesante performance musical a partir dela, así como posteriormente, a hispanista provenzal Claudie Terrasson.

Ademais, María Lopo conectou moi ben “A cabeleira” cos “thèmes et motifs naturels et culturels qui se rattachent à l’univers celtique” no artigo “Une Armorique galicienne. La Bretagne dans l’oeuvre poétique de Claudio Rodríguez Fer”, publicado no libro *Expressions de l’identité dans le monde celtique*: “Mais le celtisme n’est ici que thématique, il est aussi une sensibilité,

une conception vitale rattachée aux principes de l'harmonie et du nomadisme, bien illustrés dans un poème, certainement fondateur, publié en 1987 et volontairement inachevé". Foi por isto que iniciou a escolma da miña poesía celto-galaica *Muioc'h kalz eget mil bloaz / Moito máis que mil anos* cun bloque sobre "Bosques e bardos", que "xira en torno a Galicia e á palabra, galega e granítica, contempladas dende unha perspectiva libertaria, tal e como se pode observar en 'A Cabelreira (Fragmentos)', programático poema que abre a antoloxía."

A versión **occitana**, "La cabeladura (Fragments)", correu a cargo do cantautor Eric Fraj, de orixe flamenga e valenciana, mais residente en Occitania, con quen entrei en contacto por ter el musicado poesía do meu amigo José Ángel Valente, a obra do cal procurei estudar e coñecer en todas as súas relacións. O propio Eric Fraj puxo música ao meu poema e recitouno en Provenza para a web. Na capital de Galicia foi lido en occitano, sucesivamente, por dous naturais de Cataluña docentes na Universidade de Santiago de Compostela: a profesora de catalán Maria Mercè López Casas e o lector de catalán Andratx Badia Escolà.

Da versión **italiana**, "La chioma (Frammenti)", quixo ocuparse a filóloga Ana Rosso, antiga colega miña de estudos no Campus Universitario de Lugo que casou cun diplomático italiano, con quen acabou establecéndose en Italia. En Lugo foi recitada pola profesora e soprano Silvia Alonso, colega miña na Facultade de Humanidades lucense. En Santiago de Compostela, foi lida, sucesivamente, pola comparatista italiana Annachiara Pavesi, estudante da Universidade de Trento que entón investigaba na Cátedra José Ángel Valente de Poesía e Estética, e pola doutora tamén italiana Cristina Marchisio, profesora de Literatura Italiana na Facultade de Filoloxía, colaboradora da citada Cátedra Valente e investigadora da relación do poeta Montale con Valente. En Nova York recitouna o estudante italiano Conor Sorli, en Brest a estudante italiana Rebecca Covici Girotti e en París Este, sucesivamente, a alumna italianista Vanessa Massey e a veterana tradutora de italiano Claudine Obadia.

Ademais, durante a presentación da antoloxía bilingüe da miña poesía ao italiano *Ansia das alas / L'ansia di avere le ali* en Bolzano, leuna nesta cidade tiroleza unha das tradutoras da obra xunto ao filólogo Yorick Gómez Gane e o poeta Alberto Cippi: a filóloga bolzanina Christine Stufferin. Esta tradutora profesional fora lectora en Rennes, onde a coñeceu María Lopo, quen moito despois ma presentou en Santiago de Compostela. A Bolzano conducíume dende Trento a cordialísima parella conformada polo economista Erik Cologna e pola doutora Elsa Maria Paredes Bertagnolli, hispanista italiana a quen lle co-dirixín a súa tese doutoral sobre Valente, para a cal investigou reiteradamente na Cátedra que leva o nome do poeta. Moi entusiasta do meu proxecto políglota, Elsa Maria Paredes Bertagnolli, cuxo pai mexicano e cuxa nai italiana tiven o gusto de coñecer en Trento, traduciu seguidamente ao italiano a miña composición "Pai meu (Amén, camarada)".

Para a versión **romanesea**, "Plete (Fragmente)", contouse co poeta e tradutor Ion Deaconescu, organizador do Festival Mundial de Poesía Mihai

Eminescu en Craiova, polo que entramos en contacto e ao que me convidou reiteradamente a participar. Despois de traducila, o profesor Ion Deaconescu gravouna en vídeo na súa casa de Craiova para a web. En Santiago de Compostela foi recitada dúas veces pola doutora e tradutora romanese Adina Ioana Vladu, residente en Galicia, onde colaborou na Cátedra José Ángel Valente de Poesía e Estética e onde publicou en *Unión Libre* o ensaio poético “Calidoscopio romanés”. A ela pertencen a beleza e a delicadeza que me atribuíu neste agradecemento ao respecto: “Grazas por tanta beleza e delicadeza que me traes”.

Ademais, a poeta Adina Ioana Vladu leuna a dúas voces comigo no recital poético ofrecido no Museo Nacional de Literatura Romanese de Bucarest con motivo da presentación alí da miña antoloxía bilingüe *Máis alá do bosque / Dincolo de padure*, coordinada e traducida por ela en colaboración co gran hispanista romanés Victor Ivanovici, tamén participante en dito acto. En Nova York foi lida pola estudante romanese Alexandra Motoc, asistente en Hunter College, quen me comunicou o seu “placer” por participar en tan intercultural evento: “Me encantó compartir algo en mi idioma materno con un público tan diverso.”

### LINGUAS CLÁSICAS POR SABER E POR PRACER

Mais o poema tamén foi traducido a linguas prerrománicas, como o latín e o grego clásicos, de Europa, ou o sánscrito, da India. A versión **latina**, “Coma (Fragmenta)”, foi feita polos latinistas lucenses Aurora López e Andrés Pociña, ambos catedráticos de Filoloxía Latina na Universidade de Granada, pero estudosos así mesmo da literatura galega, cos que teño colaborado e coincidido moito tanto en Galicia como en Granada e tanto nos cadernos *Unión Libre* como na revista *Moenia*. Ademais, o polígrafo Andrés Pociña escribiu sobre a miña poesía e a compositora, soprano e pianista Aurora López musicou e cantou varios poemas meus. Na capital de Galicia, tal tradución ao latín foi lida pola doutora Cecilia Criado, profesora de Filoloxía Latina na Universidade de Santiago de Compostela e filla do admirable pintor galego Felipe Criado. Cecilia Criado acusara recibo, con humor petroniano, de *A cabeleira* “en mil y un idiomas (¿o eran noches?)”. Ademais, comunicoume a súa satisfacción por recitar a versión dos seus colegas: “Un honor leer algo hecho por mis amigos Aurora y Andrés (los filólogos clásicos más artistas que conozco, siempre se lo digo)”.

A versión ao **grego clásico**, “Φόβη ή Σεληνόεσσα (Περικοπαί)”, debeuse ao profesor do mesmo idioma, na Universidade de Atenas, Stathis Papakonstantinou, quen así mesmo a gravou en vídeo na súa casa para a web, pronunciando á maneira actual, mentres que na capital de Galicia a leu a doutora Amelia Pereiro, profesora de Filoloxía Grega na Universidade de Santiago de Compostela, quen o pronunciou á maneira antiga. Entrei en contacto con Stathis Papakonstantinou a través da xenerosa xestión da entusiasta autora da versión de “A cabeleira” ao grego moderno, Theodora Grigoriadou, quen ademais asegurou que lle encantou o poema e que para ela foi “un gran placer traducirlo”.

En efecto, a hispanista e profesora macedonia Theodora Grigoriadou, a quen coñecín persoalmente en Galicia, pois veu falar de Luciano de Samosata ao Campus Universitario de Lugo e logo visitou comigo a Cátedra José Ángel Valente de Poesía e Estética no Campus Norte de Santiago de Compostela, foi a autora da versión ao **grego moderno** titulada “Η κόμη (Αποσπάσματα)”, que tamén gravou en audio para a web. Ademais, con Theodora Grigoriadou fixen unha lectura bilingüe deste e doutros poemas no recital de presentación en Atenas da miña antoloxía poética *Limiars sen límites / Πύλες απειράριθμες*, por ela traducida, como así mesmo despois o meu poema “Pai meu (Amén, camarada)”. Na capital compostelá, a versión de “A cabeleira” en grego actual foi lida sucesivamente pola filóloga Margarita Olivar Roldán, profesora de grego no Instituto de Ames, e pola doutora Irene Doval Reija, profesora de alemán na Universidade de Santiago de Compostela, a quen eu coñecín xa dende neno por ser veciñas en Lugo as nosas respectivas familias. En Nova York foi programada a súa lectura a cargo da estudante grega Demetra Panagiotopoulos, mentres que en París Este recitou a igualmente helena Barbara Georgiadou, xestora administrativa na propia universidade que acolleu o recital.

Ademais, por Theodora Grigoriadou entrei en contacto cos profesores Konstantinos Paleologos, puntual tradutor de Valente ao grego, e Nikos Pratsinis, activista cultural anarquista, que coordinaron un taller de tradución da miña narrativa durante a estancia en Atenas na que tamén presentei “A cabeleira”, no que participaron as hispanistas Anzoula Vassiliou (quen máis adiante visitaría a Cátedra Valente), Alexandra Golfiopoulou, Katerina Dimitropoulou, Evi Kyrlesi, Maria Malakata, Efi Mitsoula, Sofia Simou e Natali Fytrou.

## LINGUAS XERMÁNICAS DENDE O NORTE ÁS SAGAS

Despois das traducións ao **inglés** feitas nos anos noventa por Diana Conchado e por Jonathan Dunne, xurdiron moitas outras a diversos idiomas xermánicos na década dous mil dez, sempre feitas nos países correspondentes das linguas respectivas. Diana Conchado gravou en audio para a web, na súa vivenda de Brooklyn, a súa versión “The Tresses (Fragments)”, tradución que ademais leu a dúas voces comigo no recital bilingüe de presentación en Manhattan da miña antoloxía poética *Amores sen morte / Deathless Loves*, editada e introducida por ela mesma. Despois dela, traduciu tamén o meu poema “Pai meu (Amén, camarada)” e outros relacionados coa súa cidade natal para o seu proxecto “New York, New Poems”, compartido co xa citado Clifford Irizarry. Polo demais, cualificou *A cabeleira* editada con estas palabras: “absolutamente preciosa, Claudio, encántame, grazas por incluírme”.

A versión de Diana Conchado foi recitada en Lugo pola lectora de inglés no campus desta cidade Androulla Sarah Panayi, británica de orixe greco-chipriota que xa participara comigo na presentación bilingüe do meu poemario *Tigres de ternura / Tender Tigers*, traducido por Kathleen N. March, e que así mesmo traduciu ao inglés o meu poema “Onte (Un día na vida)”. En Santiago de Compostela, a versión inglesa foi dita, sucesivamente, por Natalia Fernández Segarra, directora da Fundación Granell nacida no exilio americano,

e por Jorge Sacido Romero, profesor de Literatura Inglesa na Facultade de Filoloxía compostelá. Por certo, a compañeira deste último, Laura Lojo, tamén profesora de Literatura Inglesa en dito centro, leuna así mesmo durante a presentación bilingüe de *Amores sen morte / Deathless Loves* na capital santiaguesa. En Nova York foi lida pola estudante Victoria Rodríguez, de orixe emigrante galega e discípula alí de Diana Conchado. En París Este encargouse da lectura o profesor de inglés Thierry Bernard, mentres que en Brest o fixo a estudante Noémie Petit.

A tradución ao **alemán**, “Die Haarpracht (Fragmente)”, correu a cargo da bailarina de butoh Regina Goerger, algunhas de cuxas pacifistas performances de vangarda organicei e fotografei en Galicia, aínda que tamén nos encontramos en París. De feito, nos cadernos *Unión Libre*, onde tamén editamos senllas reportaxes, respectivamente, sobre as súas actuacións pola costa galega e polo litoral africano occidental. En Lugo foi lida polo profesor de alemán Manuel Fernández Méndez, coordinador do Centro de Linguas Modernas no campus lugués. En Santiago de Compostela, foi lida dúas veces pola doutora Rosa Marta Gómez Pato, profesora de Literatura Alemá na Facultade de Filoloxía compostelá, colaboradora nela da Cátedra Valente e investigadora da relación do poeta Celan con Valente. Tres estudantes de procedencia alemá lérona, respectivamente, en Nova York, Leila Doerfler; en París Este, Lena Chatchaurian, e en Brest, Simon Böckle. Coñecedora desta versión e interesada polo proxecto, a tradutora Anne Kollien trasladou máis poemas meus ao alemán, comezando por “Anarquistas”, “Poesía é acción” e “Pai meu (Amén, camarada)”.

A tradución ao **neerlandés**, “De Lokken (Fragmenten)”, realizouna o poeta flamengo Germain Droogenbroodt, establecido en España e tradutor a dita lingua da poesía de José Ángel Valente, labor este polo que entramos en contacto. Ademais, publicou ilustrada a súa versión na web *Point*, asociada á súa editorial Point Editions International. En Nova York foi recitada pola doutora holandesa Julie Van Peteghem, profesora de Filoloxía Italiana no Hunter College.

Catro versións proceden das linguas dos países escandinavos, onde as catro foron respectivamente executadas. A versión ao **danés**, “Hårpragt (Fragmenter)”, foi realizada pola doutora galega Ana Bundgård, profesora na Universidade de Aarhus á que coñecín pola súa especialidade na filosofía de María Zambrano, autora sobre a que disertou na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela por idea e xestión miñas, dado o noso común interese pola relación filosófico-poética entre dita pensadora e o poeta José Ángel Valente. En Santiago de Compostela recitoua a tradutora danesa Pia Sloth Poulsen, profesora de danés do Centro de Linguas Modernas da universidade compostelá. Ana Bundgård foi precisamente a persoa que máis me insistiu en que redactase unha memoria sobre o proceso de elaboración deste proxecto multilingüe, dando conta de cal foi a miña relación cos autores das versións.

A tradución ao **sueco**, “Hårsvall (Fragment)”, foi feita pola profesora Märta Dahlgren, natural de Suecia, docente na Universidade de Vigo e tradutora de literatura sueca ao galego. Simultaneamente, a versión ao

**noruegués**, “Hårlokkene (Fragment)”, foi realizada polo escritor e profesor islandés, residente en Noruega, Bergsveinn Birgisson, quen a gravou en audio para a web e quen dixo gustar do alento poético da composición, reparando sobre todo nas súas posibilidades de interpretación identitaria e existencial. A versión en **islandés**, “Haddurinn (Brot)”, foi feita polo escritor Hermann Stefánsson, tradutor a este idioma do inglés e do español, quen ademais a gravou nun audio para a web e a publicou na revista cultural islandesa *Timarit Máls og menningar*. Interesoume o que me comentou en galego e en castelán sobre a súa tradución: “Lo más difícil es... o norte e a cabeleira. O norte non ten ese mesmo uso bonito en islandés. Debería. Estamos no norte. Tengo pensado mucho sobre el norte. Elijo una palabra para decir cabeleira que es algo antiguo, se refiere a mujer y suena a saga islandesa.”

## LINGUAS CELTAS PARA MÁIS DE MIL ANOS

Tras a tradución ao **bretón** publicada en Bretaña polos citados Herve ar Bihan, Alan Botrel, Gwendal Denez e María Lopo no ano 2000, sucedéronse as versións a outras catro linguas celtas. A tradución bretoa, “Ar blevad (Arroudennoù)”, foi lida con eles por vez primeira na Universidade da Alta Bretaña, no ano 2000 en Rennes, na presentación bilingüe da miña antoloxía *Muioc'h kalz eget mil bloaz / Moito máis que mil anos*, mais posteriormente María Lopo gravoulla en vídeo para a web ao poeta Gwendal Denez no Campus Universitario de Lugo, a onde o doutor armoricano viñera como membro do tribunal que xulgou a tese doutoral de Olga Novo, co-dirixida por Carmen Blanco e Françoise Dubosquet. Ademais, Gwendal Denez e María Lopo traduciron tamén ao bretón os meus poemas “Ololé”, versión publicada na antoloxía *Barzhaz Bihan Galiza. Mostra de poesía galega*, editada pola citada ensaísta, e “Pai meu (Amén, camarada)”. Pola súa parte, o bretonante René Kergoat traduciu e leu en bretón o meu poema “Arsenal da barbarie” no acto en memoria das exiliados españois escravizados e asasinados polos nazis na base submarina de Brest.

Os devanditos celtistas bretóns puxéronme en contacto co doutor inglés, pero **galés** de adopción, Risiart Hincks, profesor de galés e bretón na Universidade de Aberystwyth, quen titulou “Y tresi (Darnau)” a súa tradución á citada lingua celta britónica, tan irmá da bretoa. Tras asegurar que lle encantara a miña composición, traduciu ao mesmo idioma o meu poema “Pai meu (Amén, camarada)”. O galés foi a primeira lingua celta que escoitei falar persoalmente e mesmo que vin directamente escrita en espazos públicos, pois percorrín case todo o País de Gales nos anos oitenta con motivo dun encontro de escritores en linguas minoritarias, no que coñecín a numerosos falantes e neofalantes de tal idioma.

O galicianista Juan Renales Cortés, a quen coñecín en persoa nun acto poético no que recitei na Casa de Galicia en Madrid, cidade onde reside e onde exerce como profesor de **gaélico irlandés**, traduciu o poema a este idioma como “An ghruaig (Sleachta)”, ademais de gravar en audio dita versión para a web. Posteriormente, volvíu ser traducido ao gaélico irlandés, concretamente polo profesor Eamon O’Ciosain, irlandés especializado na lingua bretoa e nas

relacións entre Irlanda e Bretaña, a quen o citado Gwendal Denez lle propuxo traducir o meu poema “Pai meu (Amén, camarada)” ao seu idioma.

Así mesmo, a poeta escocesa Meg Bateman, a quen coñecín nun encontro sobre mulleres creadoras en linguas minoritarias organizado en Galicia por Carmen Blanco e de quen publicamos poesía trasladada ao galego por Santiago Lopo nos cadernos *Unión Libre*, traduciu a composición ao **gaélico escocés** como “Na dualan (Fuigheall)”. Completando o trío de linguas celtas goidélicas, o tradutor Chris Sheard, da Manx Language Network da Illa de Man, onde souben del, contribuíu traducindo a peza ao **manés** como “Ny Skeogyn (Meeryn)”, versión que tamén gravou en audio para a web.

## LINGUAS BÁLTICAS E URÁLICAS CON ENTUSIASMO

Interesado lingüística e literariamente polo mundo báltico de Lituania e de Estonia, así como polas súas maravillosas paisaxes, entrei en contacto coa profesora costarricense Jordana Glez, profesora na Universidade de Vilnius, quen en colaboración co poeta lituano Julius Keleras, escritor en varios xéneros tamén residente en Lituania, fixo a versión **lituana** “Plevenantys plaukai (Fragmental)”.

Xeograficamente báltico, máis lingüísticamente urálico fino-ugrio, é o idioma **estoniano**, ao que o escritor e hispanista Jüri Talvet, quen por certo foi traducido ao galego como poeta, realizou con explícito “placer” a súa versión “Juuksed (Katkendeid)”. Jüri Talvet formouse na Universidade de Tartu, localidade esta que eu mesmo poeticei no poema “Tartu”, incluído en *Lugo blues* xa en 1987, pois dende moi novo estiven atraído pola escola semiótica de Tartu-Moscova aglutinada en torno ao semiólogo xudeu-ruso Iuri M. Lotman, fundador en Estonia da Culturoloxía. Cando lle remitín a Jüri Talvet esta última composición contestoume con tanta cordialidade como humor: “Muchas gracias por este interesante poema. Tendrá que volver a Tartu, ya sin Lotman vivo, para ver qué se ha hecho de esta amiga y la grupa y el lago...”

Mais tamén houbo versión noutras dúas linguas **fino-ugrias**: o finés e o húngaro. A versión **finesa**, “Suortuvat (Katkelmia)”, foi realizada pola finlandesa, de alternativa vida, Katariina Vesterinen, Kata para as amizades, quen residiu varios anos en Galicia, a onde veu como alumna Erasmus de Belas Artes e onde ma presentou María Lopo. Posteriormente, gravouna en audio para a web, mentres que en París Este foi lida pola estudante finlandesa Emmiina Vihervirta. Como curiosidade, Katariina Vesterinen comentou que “el equivalente de fisterra prácticamente no existe en finés y las traducciones para esa palabra son tan monstruosas que no hay manera de utilizarlas. Así que en el poema la describo como una tierra verde rodeada por el océano”. E tamén me trasladou a repercusión anímica e onírica que tivo o seu proceso tradutor: “En fin, he disfrutado mucho traduciendo el poema y me he enamorado del verso ‘A nosa historia é a dun pobo que perdeu o norte e se confundiu cos bois’. Hace un par de noches soñé con unos tipos que andaban perdidos por la playa y buscaban la estrella polar.”



Lembro que a Katariina Vesterinen, con quen falei moito da epopea finlandesa coñecida como *Kalevala*, facíalle moita graza que por isto eu chamase “Katalevala” á súa versión finesa. Ademais, interesouse dabondo polas linguas minoritarias, mortas e mesmo imaxinarias, como pode lerse nesta simpática mensaxe súa, significativamente titulada “Gi suilon!” (saúdo informal nunha das linguas inventadas por Tolkien): “Estoy escuchando música en islandés y me encantan los sonidos. Da ganas de aprender más. Últimamente me atraen las lenguas de pocos hablantes, lenguas que ya no existen y también las lenguas que nunca han existido. He encontrado una página web de conversación en sindarin (la lengua élfica de Tolkien... ya lo sé, soy un caso perdido). Quería participar para aprender, pero los participantes tenían ya tanto nivel que podían contar chistes en sindar. ¡Bromeaban en una lengua que ni siquiera existe! Así paso yo mi vida”.

A versión **húngara**, “Hajkorona (Töredékek)”, foi elaborada en Budapest pola poeta maxiar Szabina Ughy, cuxas creacións e performances coñecín por Internet. En Nova York foi recitada polo actor húngaro Adam Boncz, residente en dita cidade, mais con experiencia shakespeareana en Londres e antes en Hungría, onde ademais encarnou a Rimbaud en teatro. Púxome en contacto con el o historiador tamén húngaro Romsics Gergely, entón director do Hungarian Cultural Centre de Nova York, quen ademais eloxiou vivamente a tradución: “The translation is a thing of beauty. Very talented author behind it, I know, Ms Ughy has certainly acquired some renown as poet in her own right, but still, it was unexpectedly good and could not wait to read to the end to find out who did it and was pleasantly surprised to see her name listed as the translator.” Dende Budapest, Szabina Ughy sintonizou expresivamente co evento: “I wish I could be there. Have fun and enjoy the music of the languages in the world! :)”, mentres que Adam Boncz o acolleu con igual entusiasmo: “This sounds great and the text is beautiful”. En Santiago de Compostela, a versión húngara foi lida pola tradutora húngara Veronika Gergely, licenciada en Filoloxía Húngara e Portuguesa, ademais de ser bailarina e cantante.

## LINGUAS ESLAVAS EN PAZ E LIBERDADE

A mencionada tradución ao **ruso**, “Волосы (фрагмент)”, feita por Serguey Stépanov no século XX, foi lida sucesivamente na capital galega pola políglota checa Katerina Vlasakova, profesora da Universidade de Santiago de Compostela, e pola estudante ucraína Sofiya Lykhohray, alumna na mesma institución. En Nova York, declamouna a rusa Olga Oliynyk, egresada do Hunter College que dixo encontrar todo “fabuloso”. Tres estudantes de orixe rusofalante recitárona, respectivamente, en París Este, Anton Obshta, de procedencia ucraína; en Brest, Natalia Soloveva, así mesmo con conexión ucraína, e, de novo en París Este, Ekaterina Vasileva, coñecida por Katia, quen por certo propuxo algún cambio na tradución, polo que se engadiu a súa versión á web. Non obstante, non só me traduciron ao ruso falantes nativos, pois a políglota provenzal René Triolle, a quen coñecín polos irmáns Marianne e Felip Equy, fixo unha versión do meu poema “Pai meu (Amén, camarada)”.

Mais xa no século XXI recibín outra versión rusa de “A cabeleira”, titulada “Волосы (Фрагменты)”, por iniciativa da xestora cultural e tradutora

**polaca** Marlena Zimna, pertencente ao Museo Polaco Vladimir Vysotsky. Sen coñecerme persoalmente, Marlena Zimna sorprendeume poñéndose en contacto comigo para pedirme que realizase a tradución dunha canción do citado cantautor ruso ao galego para unha antoloxía multilingüe das composicións deste, como se puidese saber da miña admiración por el. Eu realiceí con moito gusto a versión da súa peza “Non me gusta”, que efectivamente foi publicada nunha colectánea políglota de homenaxe a Vladimir Vysotsky. Así mesmo, Marlena Zimna realizou unha versión polaca do meu poema, titulada “Włosy (Fragmenty)”, mais desgraciadamente faleceu pouco despois, así que, como recoñecemento, enviei a publicación que a contiña ao Museo Polaco Vladimir Vysotsky. Esta versión foi lida en Santiago de Compostela pola xa citada lingüista checa Katerina Vlasakova, e, en Nova York pola estudante polaca Justyna Kaleta, quen se presentou con traxe e diadema típicos de Polonia. A miña ex-alumna polaca na Facultade de Humanidades de Lugo, Marlena Salapał, con quen seguín en contacto polo noso común interese no cine alternativo, realizou unha gravación en audio para a web, portal co que me dixó estar encantada.

Mais foron moitas as linguas eslavas que acolleron o meu poema e todas, como a rusa e a polaca, nos seus países correspondentes salvo a checa, por neste caso residir a súa autora en Galicia. Por exemplo, a tradutora Tsvetanka Elenkova, de quen souben por ser compañeira do xa citado tradutor escocés Jonathan Dunne, realizou a versión **búlgara** “Гривата (Фрагменти)”. O propio Jonathan Dunne fixo unha gravación en vídeo de Tsvetanka Elenkova recitando o poema en medio dunha paisaxe nevada que finalmente se eleva en forma de cabeleira arbórea. Por certo, entusiasmada con esta dobre contribución, a filóloga tamén búlgara Gratsiela Ivanova Georgieva, de cuxo tribunal de Traballo Fin de Grao fun presidente na Universidade de Santiago de Compostela, díxome preferir tal versión e tal lectura ao orixinal.

Continuando coas linguas eslavas, a devandita profesora checa Katerina Vlasakova, licenciada en Ensinanza de Francés e Checo pola Universidade Carolina de Praga e directora do Centro de Linguas Modernas da Universidade de Santiago de Compostela, onde a coñecín, realizou a versión ao **checo**, “Hříva (Fragmenty)”. Co seu fluído galego, idioma ao que traduciu literatura checa, Katerina Vlasakova, verdadeiramente amante das linguas, animoume moito cando coñeceu o proxecto, cualificando o meu libro multilingüe de “preciosidade”, “xoia”, “fantástico” e “realmente asombroso”, tras o que concluíu con total sintonía coa integral idea: “Parabéns polo poema, pola túa sensibilidade e pola iniciativa. Despídome con desexos de poesía, amor, paz e liberdade para ti e para os teus.” Ela mesma leu a súa versión no primeiro recital de Santiago de Compostela, pois no segundo delegou a función na súa discípula tamén checa Lenka Mikuličková, estudante de Filoloxía Hispánica da Universidade Masaryk de Brno. En Nova York foi recitada pola estudante Joanna Mielezsko. Pola súa banda, a hispanista **eslovaca** Lucia Biznárová, quen se puxo en contacto comigo dende Bratislava coa intención de investigar sobre a poesía de José Ángel Valente, contribuíu coa versión ao eslovaco “Hriva (Fragmenty)”.

Coa mesma proximidade entre si, a hispanista **serbia** Ana Pejović, con quen me puxo en relación a miña ex-alumna mexicana Práxedes García Vázquez, un tempo funcionaria española en Belgrado, acometeu a versión ao serbio “Koće (Oдломци)”, que ela mesma gravou en vídeo para a web, por certo lucindo a súa longa cabeleira louira en sintonía coa cantada no poema. Complementariamente, o lingüista dálmata Nikola Vuletić, director do Centro de Estudos Galegos da Universidade de Zadar, se encargou da versión ao **croata** “Kose (Ulomci)”.

## **ALBANÉS, TURCO, CURDO E ARMENIO EN AMIZADE**

Tamén balcánico, aínda que non eslavo, é o idioma **albanés**, ao que o escritor Bashkim Shehu, radicado en Barcelona, traduciu a versión “Floknaja (Fragmente)”, que el mesmo se encargou de gravar en vídeo no seu fogar para a web. Dito escritor é fillo do político comunista Mehmet Shehu, que loitou contra o fascismo nas Brigadas Internacionais durante a guerra de España e que chegou a ser primeiro ministro da República Popular Socialista de Albania ata que perdeu a confianza do ditador Enver Hoxha e faleceu misteriosa e violentamente. O seu fillo foi condenado a prisión, da que non saíu ata a caída do comunismo en Albania, de onde finalmente marchou para exiliarse en España. Durante o comunismo, tratouno no seu país o entón activista antifranquista José María Adé, militante do FRAP, Frente Revolucionario Antifascista y Patriota que se ocupaba da emisión en español de Radio Tirana, a quen eu coñecín en Xenebra, onde exerceu como profesor da emigración española en Suíza, nun acto de homenaxe ao poeta José Ángel Valente. Así que, por esta longa concatenación de amizades, foi este histórico antifascista aragonés, unha vez retornado á súa Huesca orixinaria, quen me puxo en contacto con Bashkim Shehu.

“A cabeleira” chegou ás linguas de Eurasia da man da mestra e tradutora galega Pepa Baamonde, primeira ensinante galega represaliada por dar clase en galego durante os anos oitenta e así mesmo primeira tradutora de **turco** a galego. En efecto, foi ela, en colaboración co avogado İrfan Güler, residente en Estambul pero frecuentador de Galicia, quen realizou a versión turca “Saçlar (Bölüm)”. Este último foi quen a gravou en vídeo para a web na súa vivenda de Estambul, cun fondo de árbores nevados visibles dende a fiestra, mentres que en Santiago de Compostela foi lida pola propia Pepa Baamonde.

Mais dito tradutor, de nacionalidade oficialmente turca, pertence á comunidade **curda**, polo que tamén realizou a versión curda “Por (Beş)”, neste caso asinando co seu nome curdo, Urfan Kenî, e colaborando coa curdofalante Remziye Alparslan. Lembro que cando coñecín a İrfan Güler / Urfan Kenî en Santiago de Compostela me asegurou que tal poema identitario e nómade a un tempo parecía feito ex-profeso para o pobo curdo, así mesmo nunca constituído en estado. O propio tradutor gravou a versión curda dende o escritorio da súa morada flanqueado dunha preciosa colección de pezas de artesanía e figuras de cabalos, animal tradicionalmente tan importante como simbólico en Kurdistán. Belén Quinteiro convidou a recitar esta versión en

Santiago de Compostela á estudante de orixe curda Arazú Hassani, afincada en Galicia.

Intricada historia tivo así mesmo a versión á veciña lingua **armenia**, pois deriva dun encadeamento en espiral. En efecto, comeza cando o hispanista Dru Dougherty, catedrático emérito da Universidade de California en Berkeley exerceu como congresista no Campus Universitario de Lugo e como profesor visitante na Universidade de Santiago de Compostela. Así pois, en Galicia coñeceu o meu esperpento escénico “Gran Tirano”, publicado no libro *A loita continúa*, do que lle chamou a atención o apartado no que se denuncia o xenocidio armenio, asegurándome que llo daría a coñecer á súa ex-alumna de orixe armenia Lori N. Mesrobian, moi comprometida coa memoria do seu pobo. Tempo despois, esta hispanista escribiu-me agradecéndome tal texto e pedíndome permiso para traducilo ao inglés e ao castelán, o que naturalmente lle din e o que efectivamente fixo, en colaboración coa tamén hispanista galega establecida en California Patricia Rodríguez Corredoira.

Mais, entusiasmada co proxecto multilingüe en marcha, contactou con Sarkis Mahserejian, armenio residente en California e amigo da súa familia, co fin de que realizase a versión armenia que así se publicou grazas ao empeño desta profesora da Universidade de California Sur en Los Angeles, quen ademais a gravou en audio para a web. Lori N. Mesrobian puxo tamén de manifesto a emoción provocada pola dedicatoria final da obra, onde se reivindicaban as vítimas de todos os xenocidios, incluíndo expresamente o do pobo armenio: “Qué proyecto más conmovedor. Y leer la dedicatoria al final... pues hoy me ha tocado profundamente. Nos faltan tres días para el centenario y seguimos reivindicando memoria, verdad, justicia y reparación.” En Nova York encargóuselle a lectura ao estudante armenio Sergey Hakobyan, mentres que en Santiago de Compostela a acometeu o doutor José Virgilio García Trabazo, profesor de Lingüística Indoeuropea da Universidade de Santiago de Compostela.

## LINGUAS INDO-IRANIAS EN ARCO IRIS

Pasando a continuación ás linguas indo-iraniais, teño que dicir que a tradución ao **persa** debeuse á miña ex-alumna irania Tahereh Arabsaeidi, quen entón realizaba cursos de máster e de doutoramento na Universidade de Santiago de Compostela. Ademais, tal hispanista, encantada co proxecto, ofreceume dúas versións gráficas da súa tradución: a oficial que se utiliza habitualmente nos libros actuais e a caligrafía tradicional persa. Cando se reproduciron na web de “A cabeleira multilingüe” a hispanista mexicana Lily Litvak, resumiu dende Texas a opinión xeneralizada: “Es una belleza!!!!!!”. En bucle ecuménico, a ela sumáronse expresamente o arabista alemán Stefan Sperl dende Londres, a hispanista marroquí Fatiha Benlabbah dende Rabat, o poeta e tradutor indonesio Yohanes Manhitu dende Yogyakarta, as hispanistas gregas Theodora Grigoriadou e Anzoula Vassiliu dende Atenas, e a directora da Fundación Granell, Natalia Fernández Segarra, dende Washington.

A tradución ao **hindi** foi feita polo hispanista indio Vikash Kumar Singh, quen cursou estudos de galego e de doutoramento na Universidade de

Santiago de Compostela, cidade esta onde conversamos varias veces. Tras vencer as numerosas dificultades de translación ao hindi, que lle obrigaron a estudalo a fondo (“he leído y re-leído su poema y lo he disfrutado mucho”, escribíume), deume mostras de comprendelo na súa esencia máis universal: “La lectura de su poema me hizo recordar el pensamiento de Rousseau sobre el estado natural del hombre, ajeno a toda atadura.”

Mais este profesor da Universidade Nacional Aberta Indira Gandhi en Delhi considerou que o poema debía traducirse aos principais idiomas indios, polo que, buscando entre os seus colegas na India, conseguiu que Dilip Jaiswal o traducise ao antigo e sacro **sánscrito**, Sonali Datta ao **bengalí**, Sanil Malikappurath Neelakandan ao **malayalam** e Saroj Kumar Mahanandaa ao **oriya**. Alegroume ademais que a experiencia intercultural fose frutífera para todos, segundo me escribiu: “Ha sido una experiencia enriquecedora trabajar con los traductores del sánscrito y del bengalí conversando sobre su poema y el reto de trasladar el sentimiento en nuestras lenguas.” Mais comentoume que coas dúas últimas linguas, o dravídico malayalam ou malabar de Kerala e o indoario oriya ou odia de Odhisa, tiveron moitas dificultades para encontrar profesionais que soubesen mecanografalas en Delhi.

Como anécdota, podo contar que as versións hindi, galega, castelá e inglesa, foron inscritas polo tradutor da primeira, baixo unha foto do Cabo Fisterra, e expostas nun póster na Universidade Nacional Aberta Indira Gandhi en Delhi, territorio da capital da India, mentres que as versións bengalí, galega e castelá foron inscritas por profesorado de español, baixo outra foto do mesmo cabo fisterrán, nun póster exhibido no centro da Cátedra Inditex de Lingua e Cultura Españolas de Daca, capital de Bangladesh, onde tamén foron lidas nun colorista recital multilingüe. Pola súa parte, impresionando ao auditorio, a versión hindi foi dita de memoria en Nova York pola estudante india Dalvir Bhatti. En Santiago de Compostela, o sociolingüista de Bangladesh Anik Nandi, entón doutorando da Universidade Heriot-Watt de Edimburgo, leu as versións no seu bengalí nativo e en hindi, mentres que o devandito indoeuropeurista asturiano José Virgilio García Trabazo o fixo en sánscrito.

## LINGUAS SEMITAS DAS ORIXES AOS EXILIOS

En canto ás linguas semíticas, cómpre dicir que “A cabeleira” foi traducida ao **árabe** pola hispanista e profesora marroquí Fatiha Benlabbah, directora do Instituto de Estudios Hispano-Lusos en Rabat, quen a principios dos anos dous mil se puxo en contacto comigo para que lle dirixira a súa tese doutoral sobre o poeta José Ángel Valente e a mística sufí na Universidade Mohammed V-Agdal, onde en efecto se doutorou, onde a coñecín persoalmente e onde compartimos actos públicos que terían continuidade en Santiago de Compostela, Marraquech, Lugo, Almería e Casablanca. Ela mesma gravou en vídeo, no centro que dirixe, a súa versión, que me enviou asegurándome que lle gustara tanto o poema como traducilo, así como cunha despedida cómplice: “¡Un abrazo a ti y otro a Carmen, la inspiradora del poema!”. En Nova York foi lida polo estudante marroquí Mohammed Bellahsaouia e en Santiago de Compostela pola tamén estudante marroquí Imane Boulfarah. Por certo, con motivo do recital que ofrecín na Biblioteca Dar

al-Ma'mûn de Marraquech, foi traducido o meu poema de inspiración magrebí “Teoría do azul” polo arabista español Juan Asís Palao, alí bibliotecario, e os marroquís Heba Zohni e Ayoub El Mouzaïne.

Simultaneamente e tamén dentro da familia semítica, “A cabeleira” foi traducida ao **hebreo** por procuración da hispanista e profesora estadounidense Ellen Engelson Marson, de orixe xudía-rusa, quen fixo a primeira tese doutoral sobre o poeta José Ángel Valente na Universidade da Cidade de Nova York, motivo este a partir do cal nos habíamos de encontrar en actos públicos celebrados en Santiago de Compostela (sobre Valente), Lugo (sobre literatura da muller) e Nova York (sobre a tradución ao inglés da miña poesía). Esta versión hebrea foi lida en Nova York pola estudante israelí Ofek Bercovich.

Así mesmo, a profesora xudía-arxentina, escritora en **xudeu-español** e activista da cultura sefardí Graciela Tovah de Ryba realizou, en Bos Aires, a versión ladina ou xudía-española “La kaveyera (Pedazos)”, que ademais gravou en audio para a web. Puxéronme en contacto con ela dous artistas arxentinos de música sefardí, a cantante invidente Mónica Monasterio e o instrumentista e compositor Horacio Lovecchio, cos que fixen amizade tras convidalos Carmen Blanco a actuar no encontro universitario que dirixiu en Galicia sobre mulleres creadoras. En realidade, uniunos a poesía, pois ambos son especialistas en cantala e musicala. De feito, souben xa deles polo poeta xudeu-ucraíno arxentino Juan Gelman, grande amigo e admirador de Valente, e volvinos ver tras propoñer a súa actuación nun acto sobre o proxudeu escritor, tamén arxentino, Jorge Luis Borges, protagonizado pola viúva deste, María Kodama, na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela.

Pola súa parte, a cantante en castelán e en **yiddish**, así mesmo xudía-arxentina, Jacinta Szelechtman, residente en París, realizou coa colaboración dos falantes deste híbrido xudeoalemán Julie Frohwirth, Lise Amiel Gutmann e Erez Lévy, unha versión en yiddish co alefato hebreo e outra coa súa transliteración fonética ao alfabeto latino. Ademais, gravou senllas lecturas da mesma para a web. Púxome en contacto con Jacinta Szelechtman a familia xudía-rusa da doutora en Pedagogía Nina Reycin, amiga da actriz galega María Casares que foi deportada e asasinada polos nazis no campo de exterminio de Auschwitz, cuxa memoria foi recuperada pola investigadora María Lopo. Foi precisamente colaborando con María Lopo como coñecín en París á enérxica nonaxenaria Natacha Lévy e á súa filla Charlotte Lévy, actriz esta que foi quen tivo a idea e o empeño de que a citada cantora traducise “A cabeleira” ao yiddish. A xudía askenazi Lily Litvak, falante de yiddish por provir dunha familia xudía-ucraína, escribiu ao respecto dende Texas: “Excelente tradución y excelente lectura!!!!!!!!!!!!!! Me ha conmovido mucho. No me lo vas a creer pero el poema me ha recordado de cierta manera al gran poeta Jaim Nachman Biálik, a quien estudiaba desde la escuela primaria, en yiddish”. Quizais a Galicia remota nas orixes poida semellarse á Rusia perdida tras o exilio motivado polos pogroms tzaristas que lembrou Biálik en yiddish.

## LINGUAS DE EXTREMO ORIENTE SEN BARREIRAS

En canto ás linguas de Extremo Oriente, cómpre dicir que o poema “A cabeleira” foi traducido ao **xaponés** por Takekazu Asaka, catedrático da Universidade de Tsudajuku en Tokio, así como galicianista que visitou Galicia durante décadas e que traduciu diversos poetas galegos á súa lingua, polo que non é de estrañar que cualificase entusiasmado de “¡Fantástico!” tal proxecto de traducións e recitais. De feito, pedíume un prólogo para a súa tradución xaponesa do poemario *Os eidos* de Uxío Novoneyra, que unha vez editada presentamos xuntos en Santiago de Compostela, cidade onde por certo nos citamos varias veces e onde se fai chamar co diminutivo galego de Takiño.

“A cabeleira”, que Takekazu Asaka titulou en xaponés de maneira equivalente a cola de cometa, foi lida en Lugo pola estudante de xaponés María Sandra López Fernández, ex-alumna miña de grao na Facultade de Humanidades luguesa. En Santiago de Compostela programáronse sucesivamente lecturas a cargo da hispanista xaponesa, licenciada pola Universidade Seisen de Tokio, Noriko Fukushima, ex-alumna miña de doutoramento na Facultade de Filoloxía compostelá, e pola estudante así mesmo xaponesa Yu Ihata, alumna da Facultade de Filosofía santiaguesa. En Nova York foi recitada pola tradutora xaponesa Kazuko Ishida.

Simultaneamente, “A cabeleira” foi traducida ao **chinés** pola filóloga Zhou Wei, quen, sendo estudante da Universidade de Santiago de Compostela, se puxera en contacto comigo para que lle presentase durante a súa estancia en Galicia á miña amiga María Kodama, viúva de Jorge Luis Borges. Este autor arxentino era, en efecto, o seu escritor preferido, así que, por suposto, lle presentei a María Kodama no acto celebrado na Cidade da Cultura no que ambos participamos. Ademais, posteriormente, Borges seguiría sendo motivo de colaboración entre nós tras o seu regreso a China. Mais Zhou Wei nunca esqueceu Galicia, como acreditou nesta recepción epistolar: “Su carta es como una melodía de gaita que me trae recuerdos y noticias de los amigos de Galicia. ¡Muchas gracias por enviarme un poema tan bello como el que me envió! En cada palabra encontré el sonido y el color de la tierra que nunca olvidé ni olvidaré.” En consonancia con isto, remitíume dende Beijing a súa tradución, que considerou “un placer y un honor” facer e a súa lectura da mesma nunha excelente gravación con música de fondo.

Zhou Wei expresou moi ben a ecuménica felicidade buscada con este proxecto en marcha: “Ayer recibí una enorme sorpresa: ¡A CABELEIRA EN 60 IDIOMAS en papel! Cuando vi el paquete pensaba ¿qué podría ser? Al abrirlo y ver la tinta azul y su firma elegante, la duda se convirtió en una alegría que no sé cómo describir. ¡Muchísimas gracias y felicitaciones! Dentro de solo un año, se duplica la cantidad de traducciones. ¡Increíble! pero razonable, porque todo el mundo quiere participar en una obra tan bonita como la suya. Me siento orgullosa de haber participado en este proyecto tan hermoso y también me alegra mucho poder compartir mi versión leída en chino.” Grazas a persoas como Zhou Wei, que con tan xenerosa empatía alude aos meus envíos como “los más bellos libros que tengo porque simbolizan la amistad y la poesía que siempre sobrepasan las barreras geográficas”, puidemos en efecto facer realidade o ansiado soño intercultural compartido, como ela mesmo me fixo constar: “¡brindaremos desde Beijing hasta Galicia por la poesía!”.

En Nova York, recitou esta versión a chinesa Ruofan Li, egresada do Hunter College, onde máis adiante traballou, quen considerou unha “honra” participar no evento e quen ademais me proporcionou para a web unha impresionante gravación con fondo musical do seu tío Shu Hua Wang, actor residente en China que lla ofreceu como posible modelo. En Santiago de Compostela, a versión en chinés foi lida no primeiro recital pola estudante chinesa Zhao Bing, procedente da Universidade de Heilongjiang, con quen colaborei na tradución dun poema seu ao castelán. Andando o tempo, esta rapsoda seguiría lembrando o recital con agradecemento: “Wow!!!!!!!!!!!! Qué recuerdo!!!! Aquel museo, aquel poema, aquel momento y tú y todos.” Ademais, Zhao Bing me gravou un vídeo dicindo un trabalinguas chinés que ela mesma me ensinou e así mesmo me retratou nun debuxo, como tamén a outros escritores galegos ao meu pedido. Por ela coñecín tamén en Santiago de Compostela a Shen Chong, quen leu a versión chinesa no segundo recital, quen me gravou un vídeo sobre poesía e quen me ilustrou sobre cociña chinesa xunto á súa colega Li Xiao no compostelán Restaurante Chino Palacio Oriental. E así mesmo dúas estudantes chinesas, Shan Jiang e Lin Yang, foron tamén as rapsodas, respectivamente, en París Este e en Brest.

A versión **coreana** de “A cabeleira” foi feita pola estudante Sujin Lee, filla de pai coreano e da profesora galega Benita Sampedro, establecida en Nova York, onde me convidou a falar na Universidade Hofstra, situada en Long Island, e en cuxo fogar de Queens me presentou a súa familia. Foi neste último onde a políglota Sujin Lee realizou para a web a súa gravación en vídeo. Por certo, Benita Sampedro é especialista no período colonial de Guinea Ecuatorial, polo que a puxen en contacto coa parte da miña familia retornada de alí. Ademais, co historiador galés Simon Doubleday, catedrático en Hofstra e especialista no rei e poeta en galego Alfonso X o Sabio, tivo ao seu fillo Breogán. A versión de Sujin Lee foi lida en Santiago de Compostela polo estudante coreano Heemo Do.

## LINGUAS AUSTRONESIAS SEN ANTÍPODAS

O poeta **indonesio** Yohanes Manhitu, políglota natural de Timor Oeste, compuxo en Yogyakarta a versión indonesia titulada “Rambut (Fragmen-Fragmen)”, cuxo plural no subtítulo fascinoume coa súa expresiva reduplicación. Yohanes Manhitu traduciu textos do galego, do portugués, do castelán e de diversos idiomas asiáticos ás linguas indíxenas dawan e malaiukupang, de Timor Occidental, e ao seu tetun nativo, de Timor Oriental, ademais de ser esperantista e tradutor ao inglés e ao francés.

Pasando xa de Asia a Oceanía, a mestra Blanca Tuki Tepano elaborou a versión **rapanui** “He rau oho (Parehe)” na súa Illa de Pascua, pertencente a Chile, mais ubicada en Polinesia e dotada dun idioma emparentado cos tamén oceánicos samoano, tongano, tahitiano, maorí e hawaiano. Encantoume falar con esta nativa tradutora por teléfono tras entrar en contacto con ela a través da antropóloga chilena Camila Alejandra Zurob Dreckmann, especialista no pobo e na cultura de Rapa Nui, quen me felicitou sobre todo pola perspectiva multilingüe que “resuena especialmente cuando una tiene orígenes tan



diversos como lejanos.” Por tratarse dunha lingua en perigo de extinción, síntome moi honrado de estar traducido a un idioma con non máis de dous mil falantes e alégame ter contribuído, aínda que fose moi minimamente, a acrecentar o seu acervo poético, así como me ilusiona que poida escoitarse na web a lectura realizada pola súa tradutora en Rapa Nui, a illa cantada polo poeta chileno Pablo Neruda, cuxo nome primitivo significaba nada menos que O Embigo da Terra.

## LINGUAS AMERICANAS PARA A SOLIDARIEDADE

Linguas en regresión son tamén as nativo-americanas, o que para min é unha razón máis de querer estar traducido a elas. Así, o poeta peruano Odi Gonzales, profesor de **quechua** na Universidade de Nova York, cidade onde o coñecín, trasladou á súa lingua “Saphy chukchamanta”, evitando traducir o subtítulo por tratarse dun concepto inexistente nela, tal como moi conscientemente me explicou: “No hay un equivalente para el término abstracto ‘fragmento’; podría haber ideado un neologismo, pero esto es despreciable: la lengua dominante (digamos el Español) menoscaba a la lengua nativa (Quechua)”. Ademais, satisfíxome moito que se identificase profundamente co contido do poema, segundo el perfectamente asumible para a súa comunidade indíxena. O mesmo Odi Gonzales leu a súa versión no recital celebrado en Manhattan.

O tamén poeta e narrador paraguaio Cristian David López, que estudou e reside en Oviedo, puxo en **guaraní** “Akārangue avuku (Pehēngue)”, gravando ademais a súa versión nun audio para a web. En Nova York foi recitada pola estudante de orixe paraguaia Janice Morínigo, quen o fixo vestida co traxe típico da súa terra orixinaria e quen me dixo emocionada que era a primeira vez na súa vida que utilizaba o guaraní nun ámbito público e académico, pois ata entón só o escoitara na súa casa familiar. De feito, o seu pai, Hugo Morínigo, inmigrante paraguaio e falante nativo de guaraní, gravoulle a lectura desta tradución para que ela puidese tela como modelo, polo que tamén se puxo a súa versión na web.

O inuit Jan Frederiksen, nativo de Kalaallit Nunaat en Groenlandia, pero establecido en Cataluña como profesor ocasional e reputado cocifeiro, compuxo en **kalaallisut** a versión “Nujat ilingasuu (Ilamininguaat)”. Souben del a través do seu alumno de groenlandés e activo antropólogo catalán Francesc Bailón, especializado no pobo inuit de Groenlandia, a quen o poema parecera “sencillamente maravilloso”. Mais o tradutor non chegou a ver editada a súa versión, debido ao seu moi lamentable e prematuro falecemento. A el quixera facer recíproca a preciosa despedida en kalaallisut que me remitiu na súa mensaxe derradeira, significando moitas grazas: “Qujanarssuaq, Jan Frederiksen”.

As traducións aos **crioulos** das illas das Antillas pertencentes a Francia estiveron motivadas polos colectivos recitais multilingües que ofrecín na Universidade de París Este, pois o meu alumno oriúndo de Guadalupe, Gary Peler-Hodge, e a miña alumna oriúnda de Martinica, Maeva Raspail, propuxeron realizar respectivamente eles mesmos unha versión de “A

cabeleira” ás súas linguas orixinarias, axudados en ambos casos polos seus familiares nativos. Así, o primeiro presentou en crioulo de Guadalupe “Chivé la (On ti mòso)” e a segunda en crioulo de Martinica “Chivé a (Ti mòso)”, lecturas que introduciron explicando con afirmación identitaria e compromiso coas orixes as súas respectivas variedades lingüísticas.

## LINGUAS AFRICANAS EN IRMANDADE

A primeira lingua africana á que se traduciu “A cabeleira” foi o **ioruba**, pois a parella formada polo nixeriano, daquela residente en Lugo, Olakunle Sikiru e a filóloga lucense Manuela Aira, ex-alumna e colaboradora miña, realizou a súa versión conxunta “Itakun irun (Itakun)”. No subtítulo, substituíron o abstracto concepto de “Fragmentos” (inexistente en ioruba, pois só pode tratarse de fragmentos de algo), polo concreto derivado do título: “Pelos”, solución que, en efecto, non só pode identificarse simbolicamente cos versos, senón que de feito coincide plenamente co trazo utilizado por Carmen Blanco no caligrama que ilustrou a publicación. Ademais, Olakunle Sikiru e Manuela Aira, cuxo apelativo ioruba foi Noliatu, xa publicaran conxuntamente nos cadernos *Unión Libre* unha presentación con tradución ao galego dende o ioruba do grande instrumentista e cantautor de Nixeria Fela Kuti, un dos meus músicos preferidos.

Pola súa parte o profesor congolés Félicien Ileka Gene, con quen entrei en contacto a través do Centro Superior de Idiomas Modernos da Universidade Complutense de Madrid, onde dá clase, realizou a versión “Nywele (Vipande)” en **swahili**. Encheume de satisfacción que este tradutor, coñecedor e amante de Galicia, gozase da oportunidade de trasladar poesía á súa lingua nativa, tal como el mesmo me comentou: “Para mí, fue un placer enorme traducir poesía al swahili (*kiswahili*).” E o químico senegalés Yagamare Fall Diop, catedrático na Universidade de Vigo, con quen me puxo en contacto a súa amiga María Lopo, elaborou a versión en **wolof** ou volofó “Karaw gui (Dogit)”.

Posteriormente, o poeta e profesor de Guinea Ecuatorial Ciriaco Bokesa Napo compuxo a versión en **bubi** “Bisila (Eheka)”, por xestión da narradora así mesmo guineana Nina Camó, como el residente en Madrid. Foi esta escritora, á que coñecín persoalmente nun acto de presentación do meu libro *Cinepoemas* en Madrid, quen se puxo en contacto co que considera “uno de los mayores intelectuales del pueblo bubi”, Ciriaco Bokesa Napo. Fíxome moita solidaria ilusión estar traducido a esta lingua da illa de Bioko polo seu precario carácter minoritario en Guinea Ecuatorial e porque souben dela dende neno, dado que unha parte da miña familia traballou varios lustros na antiga Guinea española. A propia Nina Camó gravou esta versión nun audio para a web, comunicándome a súa satisfacción porque tivese contado co bubi: “En mi no hay cabida más que para el agradecimiento. He visto a mi pueblo sufrir, por tontuna, por ignorancia o también por una estúpida inocencia; por eso todo aquél que se interese en lo mínimo en él me enorgullece y me eleva.”

Motivada polos citados recitais multilingües de “A cabeleira”, a miña alumna de orixe congoleza na Universidade de París Este Marie-Henriette Lukebadio, coñecida como Mariette, presentou en **lingala**, idioma bantú falado

nos Congos e nos países limítrofes, a versión “Nsuki (Ndambu)”, contando con axuda familiar nativa. Mariette Lukebadio, que a recitou ataviada segundo a súa tradición africana, escribiume considerando un gran pracer dar a coñecer a lingua lingala aos meus lectores e viceversa, e máis tratándose dun poema de temáticas universais, como a natureza ou o amor. Por isto concluíu moi lucidamente parafraseando ao novelista francés Jean Giono cando dicía que a poesía é o canto de toda a humanidade...

E, solidariamente, o historiador e activista galego Dionísio Pereira, establecido no Rif marroquí coa súa compañeira, a profesora Lola Varela, e con quen teño compartido numerosos actos libertarios e accións memorialistas por toda Galicia, encargou aos marroquís Yassin Errahmouni e Boubker Outaadit, membros do Movemento Identitario Bérber, unha versión en **tamazight**, un dos idiomas bérberes falados no Magreb, que presentaron transcrita en alfabeto tfinagh.

## LINGUAS ARTIFICIAIS DE FRATERNIDADE

Por último, cómpre mencionar a versión en **esperanto**, “La hararo (Fragmentoj)”, debida a Diana Conchado, filla do esperantista republicano Floreal Conchado, natural de Nova York, pero de orixe galega. Tal lingua internacional, creada artificialmente no século XIX por razóns de ética humanitaria e de neutralidade política polo doutor polaco L. L. Zamenhof, foime familiar dende a infancia, cando un emigrante masón retornado me regalou un manual que conservei toda a vida. Reencontrarme coa tradición esperantista galega, sempre humanista e progresista, cando fun exercer como profesor visitante á Universidade da Cidade de Nova York, foi como facelo cunha familia ideolóxica e afectiva, furtada e alongada a causa da guerra e da ditadura, que moi fraternalmente encarnou Diana Conchado. Ela mesma gravou a súa versión para a web, mentres que o docente galego Xosé Lourenzo Vidal, presidente da Asociación Galega de Esperanto, a leu nos recitais de Santiago de Compostela. Posteriormente, a xa citada activista esperantista francesa René Triolle, traduciu o meu poema “Pai meu (Amén, camarada)”, a dita lingua internacional.

Hai tempo escribín que os que nos dedicamos ao cultivo dalgunha arte ou ao estudo de calquera área do saber, sentimos unha imperiosa necesidade de compartir a fruición e a problemática das demais, nas que encontramos todo un campo de posibilidades que adoita enriquecer tanto a nosa teoría como a nosa práctica. Neste sentido, creo que, aparte da experiencia persoal de cada un, entendemos mellor a creación e a investigación dende esa apertura da apertura que significan, por exemplo, a interpretación da música indeterminada ou a riqueza da lingüística comparada, ao cabo tamén senllas macrolinguas artificiais de fraternidade. Eu mesmo comecei escribindo “A cabeleira” como unha longa composición de versos tamén longos, na que cada versículo contiña algo completo e na que a acumulación de todos eles producía a imaxe onírica dunha inmensa cabeleira. Pero a medida que avanzaba no poema, decateime de que a ubicación dos versos carecía de fixación ou, o que me abraiou máis, que eles mesmos se me descolocaban e cambiaban de lugar,

traducíndose aos diferentes espazos onde foran escritos, lidos ou relidos. A verdadeira cabeleira era móbil, serpeante e infinda e os versículos oscilaban e superpoñíanse como os cabelos naturais, polo que decidín fixar o corpus do poema tan só nuns fragmentos collidos ao chou como metonimia do conxunto. Eu non sei se a estrutura aleatoria vital e intercultural que xerou o poema é a mesma que producen a indeterminación musical ou a filloxía comparativa, pero pensaba e penso que non hai mellor compañeira que elas para calquera arte –ou vida– que queira prolongarse libre máis alá de si mesma.